

## Índice de confianza do consumidor. Abril 2006.

### COMUNICADO

## Novo freo do crecemento dos indicadores resumen da enquisa

### Soben os saldos dos dous indicadores resumo principais

O Índice de confianza do consumidor (ICC) e o índice de sentimento do consumidor (ISC) seguen coa súa tendencia ascendente tralo punto de inflexión de decembro de 2005.

Ambos indicadores melloran aínda que a melloría é menor que meses anteriores. Concretamente o ISC mellora unicamente nunha décima.

### Indicadores resumen

*Unidade: saldo respostas en %*

	ICC	ISC
<b>2005</b>		
Xaneiro	-23,7	-29,9
Febreiro	-22,1	-26,8
Marzo	-22,5	-28,7
Abril	-18,9	-28,2
Maio	-17,7	-27,8
Xuño	-15,2	-28,1
Xullo	-14,2	-25,1
Agosto	-16,9	-26,0
Setembro	-19,5	-26,9
Outubro	-21,1	-29,0
Novembro	-23,3	-30,7
Decembro	-22,5	-29,2
<b>2006</b>		
Xaneiro	-21,5	-28,7
Febreiro	-19,1	-26,1
Marzo	-18,0	-25,7
Abril	-17,4	-25,6

Fonte: IGE. Índice de confianza do consumidor


**Freo na percepción dos consumidores sobre a evolución pasada da situación financeira persoal.**

Parece que o optimismo co que os consumidores afrontaron os últimos meses xa non é tan acusado. A situación das súas finanzas non segue mellorando nin esperan que mellore nos próximos meses. Ademais, aínda que cren que a situación económica en Galicia mellorou dende febreiro a este mes, non cren que a melloría se manteña nos próximos meses.

O saldo das perspectivas de evolución dos prezos tamén descende.

**Saldo positivo da situación financeira persoal actual.**

Despois dos incrementos do nivel actual da situación financeira persoal nos meses pasados, este saldo baixaba en marzo e situábase en  $-0,3$  puntos. No mes de abril de 2006 novamente se torna positivo amosando un valor de  $0,2$ . De tódolos xeitos segue a ser o saldo máis estable da enquisa.



**Definicións:**

**Índice de confianza do consumidor:** media simple dos resultados das preguntas relativas á situación económica futura do fogar e da Comunidade Autónoma, capacidade futura de aforro e evolución do número de parados.

**Índice de sentimento do consumidor:** media dos resultados das preguntas relativas á oportunidade de facer grandes compras e á situación financeira persoal e de Galicia (tanto a evolución pasada coma as perspectivas de evolución).

---

**Para máis información:**

Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)